

## **Resolución reitoral do 19 de marzo de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras das bolsas Santander Erasmus e Non Erasmus e se procede á súa convocatoria para o curso 2025/26**

PREÁMBULO .....	2
CAPÍTULO I. Disposicións xerais .....	2
Artigo 1. Obxecto e finalidade .....	2
Artigo 2. Requisitos das persoas solicitantes.....	2
Artigo 3. Número de bolsas, contía e financiamento.....	2
CAPÍTULO II. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.....	3
Artigo 4. Presentación de solicitudes .....	3
Artigo 5. Prazo de presentación de solicitudes .....	3
Artigo 6. Listaxe provisoria e definitiva de persoas admitidas e excluídas.....	3
Artigo 7. Avaliación de solicitudes e proposta de resolución.....	3
Artigo 8. Adxudicación e prazo de reclamacións .....	4
CAPÍTULO III. Aceptación das bolsas e pagamento .....	5
Artigo 9. Aceptación das bolsas .....	5
Artigo 10. Pagamento das bolsas .....	5
CAPÍTULO IV. Obrigas e incumprimentos.....	5
Artigo 11. Obrigas das persoas adxudicatarias.....	5
Artigo 12. Incumprimentos .....	6
CAPÍTULO V. Protección de datos.....	6
Artigo 13. Protección de datos .....	6
Disposición adicional primeira. Aceptación das bases .....	7
Disposición adicional segunda. Interpretación e modificación das bases.....	7
Disposición adicional terceira. Contacto coas persoas adxudicatarias.....	7
Disposición adicional cuarta. Información.....	7
Disposición final primeira. Recursos.....	7
Disposición final segunda. Eficacia .....	8
ANEXO I. Cláusula de protección de datos asociada ao Programa de Bolsas Santander Erasmus / Non Erasmus .....	9

## PREÁMBULO

De acordo co documento de adhesión asinado entre o Banco Santander S.A. e a Universidade da Coruña, convócase o Programa de Bolsas Santander Erasmus e Non Erasmus, para o curso 2025/26.

## CAPÍTULO I. Disposicións xerais

### Artigo 1. Obxecto e finalidade

1. As bolsas Santander Erasmus teñen por obxecto axudar economicamente ao estudiantado universitario matriculado na UDC que vaia realizar unha estadía anual Erasmus+ de estudos ou prácticas durante o curso académico 2025/26. A finalidade destas bolsas é a de promover a mobilidade do estudiantado dentro da Unión Europea e mellorar as súas oportunidades laborais unha vez que finalice a súa estadía internacional.

2. As bolsas Santander Non Erasmus teñen por obxecto axudar economicamente ao estudiantado universitario matriculado na UDC que realice unha estadía anual internacional de estudos fóra do programa Erasmus durante o curso académico 2025/26. Estas bolsas buscan impulsar a mobilidade do estudiantado, ofrecendo a posibilidade de realizar unha estadía académica no estranxeiro.

### Artigo 2. Requisitos das persoas solicitantes

Poderá ser beneficiario deste programa o estudiantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Ser residente en España.
- b) Estar matriculado en estudos oficiais na UDC tanto no curso 2024/25, cando se solicitou a mobilidade internacional, como no curso 2025/26, cando se realice a estadía internacional.
- c) Ser beneficiario dunha mobilidade física Erasmus de estudos ou Bilateral SM de estudos no marco da convocatoria de mobilidade internacional (1.º prazo), ou dunha mobilidade física Erasmus prácticas no marco de la convocatoria Erasmus+ prácticas de la UDC durante el curso 2025/26. As mobilidades han de ser de carácter anual.
- d) Realizar a inscrición previa de forma electrónica na [páxina web](#) (Programa de Bolsas do Banco Santander). A inscrición deberá realizarse antes do 30 de abril de 2025.
- e) Ter dada de alta na base de terceiros da UDC unha conta bancaria ao seu nome no Banco Santander en España.

### Artigo 3. Número de bolsas, contía e financiamento

1. Convócanse un total de cinco bolsas Santander Erasmus por un importe total de 5.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 0402250005 422D 48000. As axudas distribúense do seguinte xeito:

- a) Catro bolsas por importe de 1.000 euros cada unha para mobilidades Erasmus+ KA131 con fins de estudos.
- b) Unha bolsa por un importe de 1.000 euros para Erasmus+ prácticas.

En caso de que non haxa candidaturas na categoría prácticas, os fondos poderán destinarse á categoría de estudos.

2. Convócanse un total de 20 bolsas para mobilidades Bilaterais/dimensión internacional por un importe total de 30.000 euros (1.500 euros por bolsa), con cargo á partida orzamentaria 0402250005 422D 48000.

## **CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN**

### **Artigo 4. Presentación de solicitudes**

1. As solicitudes deberán presentarse de forma electrónica na páxina web do [Programa de Bolsas do Banco Santander](#), co correo electrónico universitario da persoa solicitante.
2. O estudiantado que cumpra co criterio de discapacidade do artigo 7.1.b) deberá enviar por correo electrónico á ORI ([outgoing.rrii@udc.gal](mailto:outgoing.rrii@udc.gal)) o certificado da discapacidade xunto co anexo I debidamente cuberto e asinado (Cláusula de Protección de Datos asociada ao Programa de Bolsas Santander).

### **Artigo 5. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo para presentar as solicitudes finalizará ás 23:59 horas do día 29 de abril de 2025.

### **Artigo 6. Listaxe provisoria e definitiva de persoas admitidas e excluídas**

1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Oficina de Relacións Internacionais (ORI) revisará todas as solicitudes para comprobar que cumpren os requisitos establecidos nos artigos 2 e 4.

Una vez revisadas as solicitudes, a ORI publicará no TEO e na súa [páxina web](#), unha listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas, xunto cos motivos da súa exclusión, e mais unha listaxe provisoria de persoas en listaxe de agarda.

2. A partir do día seguinte á publicación desa listaxe provisoria no TEO, abrirase un prazo de 10 días hábiles para corrixir erros ou a falta de documentación a través do correo electrónico [outgoing.rrii@udc.gal](mailto:outgoing.rrii@udc.gal). Logo de que transcorra ese prazo sen que se emenden os erros ou se envíe a documentación indicada, considerarase que a persoa afectada desiste da súa solicitude.

3. A ORI publicará no TEO e mais na súa páxina web a listaxe definitiva de persoas admitidas e en listaxe de agarda.

### **Artigo 7. Avaliación de solicitudes e proposta de resolución**

1. A ORI avaliará de xeito separado as solicitudes de bolsas Erasmus e bolsas Non Erasmus, de conformidade cos seguintes criterios:

- a) A nota media ponderada do expediente académico, calculada segundo o sistema vixente no momento de se publicar esta resolución.
  - b) Ter unha discapacidade igual ou superior ao 33 %, debidamente xustificada mediante a presentación do certificado oficial correspondente.
  - c) Ser beneficiario/a dunha bolsa socioeconómica do Ministerio de Educación e Formación Profesional no ano anterior á mobilidade.
2. Terán prioridade as persoas solicitantes que, ademais de cumpriren co criterio a), cumpran tamén cos criterios b) e/ou c). No caso de non haber solicitantes que cumpran estes criterios, as bolsas asignaranse a aquel estudiantado que tiver o mellor expediente, en orde de prioridade.
3. A persoa responsable da ORI elaborará unha proposta de resolución de bolsas ao estudiantado e a listaxe de agarda daquelas persoas que cumpran cos requisitos mais non resultaron adxudicatarias. Esta proposta será publicada no TEO antes do 20 maio de 2025. Se a UDC dispuxese de bolsas que non se adxudicasen, notificarallo ao Banco Santander, que poderá distribuír esas bolsas noutras universidades.
4. A resolución será comunicada ás persoas candidatas, que disporán dun prazo de cinco días hábiles para presentar reclamacións a través do [Rexistro Electrónico](#) da UDC.
5. O Programa de Bolsas Santander rematará o 31 de decembro de 2025.

### **Artigo 8. Adxudicación e prazo de reclamacións**

1. A persoa responsable da ORI resolverá as reclamacións e remitirá unha proposta de adxudicación á persoa titular da vicerreitoría con competencias en internacionalización, que ditará resolución de adxudicación definitiva e ordenará a súa publicación no TEO e na súa páxina web.
2. Contra esta resolución, que pon fin ao proceso administrativo, poderá presentarse un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado competente do contencioso-administrativo, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá presentar, de maneira opcional, un recurso de reposición ante o/o reitor/a, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Ambos os prazos comezarán a contarse desde o día seguinte á súa publicación no TEO.
3. Antes do 30 de maio de 2025, a ORI comprobará que todas as persoas adxudicatarias teñan unha conta bancaria aberta ao seu nome nalgunha sucursal do Banco Santander e que a devandita conta está rexistrada na base de datos de terceiros da UDC.

## CAPÍTULO III. Aceptación das bolsas e pagamento

### Artigo 9. Aceptación das bolsas

1. A ORI asignará as bolsas ás persoas adxudicatarias a través da plataforma Santander, antes do 13 de xuño de 2025. As persoas adxudicatarias deberán confirmar a súa aceptación nun prazo de 7 días naturais, a partir do 15 de xuño de 2024, na [páxina web](#) do Banco Santander. En caso de non aceptación non se aboará a bolsa e entenderase que a persoa renuncia a ela.

2. Se todas as bolsas foron outorgadas e algunha persoa non confirma a súa aceptación a través da web, a UDC terá un prazo de tres días hábiles para reasignar esas bolsas ao estudiantado que estea en listaxe de agarda, de acordo cos criterios establecidos no artigo 7. As novas persoas adxudicatarias disporán de tres días hábiles para completar a súa aceptación na páxina web indicada no apartado anterior. O prazo para reasignar as bolsas finalizará o 10 de xullo de 2025.

### Artigo 10. Pagamento das bolsas

1. O importe da bolsa será aboado pola UDC mediante unha transferencia bancaria na conta do Banco Santander en España a nome da persoa adxudicataria. O número de conta deberá comezar cun dos seguintes códigos: ESXX: ES0049, ES0075, ES0030, ES0238 ou ES0086.

2. O proceso de pagamento iniciarase unha que vez que a ORI reciba unha copia escaneada do certificado de chegada á universidade ou empresa de destino, correctamente cuberto, asinado e selado pola institución de destino.

## CAPÍTULO IV. Obrigas e incumprimentos

### Artigo 11. Obrigas das persoas adxudicatarias

Sen prexuízo do resto de obrigas e dereitos que se estableceren nesta resolución e no programa de mobilidade Erasmus+, a persoa adxudicataria dunha bolsa Santander Erasmus e Non Erasmus terá que cumprir coas seguintes obrigas:

- a) Inscribirse na [páxina web](#) do Banco Santander antes do 19 de marzo de 2025.
- b) Aceptar a bolsa correspondente a través da [plataforma](#) do Banco Santander, antes do prazo indicado no artigo 9.
- c) Rexistrar a través da Sede Electrónica da UDC a conta bancaria do Banco Santander ao seu nome para poder recibir o pagamento da bolsa. En caso de non ter unha conta bancaria que cumpra os requisitos do Programa e que non se rexistre dentro do prazo, considerarase que a persoa adxudicataria renuncia á bolsa concedida e asignaráselle esta ao/á seguinte estudante da listaxe de agarda.
- d) Cumprir coa estadía estipulada no seu contrato de estudo/prácticas. En caso de redución da estadía, esta non poderá ser inferior a 60 días. Se algunha das persoas beneficiarias non iniciase a súa estadía de mobilidade internacional de maneira física,

deberá devolver o importe económico da bolsa á UDC, que asignará a bolsa ao/a seguinte estudante da listaxe de agarda.

### **Artigo 12. Incumprimentos**

1. Ao presentar a solicitude, acéptanse estas bases. Calquera incumprimento destas suporá a devolución da bolsa recibida.
2. O incumprimento do prazo de aceptación da bolsa a través do sitio web do Banco Santander ou do prazo de rexistro da conta bancaria na Sede Electrónica da UDC suporá a anulación da adxudicación.

## **CAPÍTULO V. Protección de datos**

### **Artigo 13. Protección de datos**

1. En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), infórmase de que os datos facilitados na concorrência a esta convocatoria a través da [página web](#) serán tratados baixo a responsabilidade do Banco Santander e da Universidade da Coruña (UDC: rúa Mestranza, 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal)).

A UDC será responsable de verificar o cumprimento dos requisitos expostos anteriormente sobre a base dos datos persoais da persoa solicitante da bolsa que está dispoñible na propia universidade.

2. A finalidade do tratamento destes datos persoais é a xestión das Bolsas Santander Erasmus e Non Erasmus 2025/26. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos con esta finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

3. No caso de que a UDC teña que recompilar información persoal particularmente sensible das persoas candidatas, incluído calquera certificado ou documentación que a Universidade considere necesaria, farao de acordo coas regulacións aplicables con respecto á protección de datos persoais vixentes en calquera momento. Para isto, será necesario que as persoas candidatas que cumpran cos criterios de discapacidade, envíen por correo electrónico á UDC ([outgoing.rrii@udc.es](mailto:outgoing.rrii@udc.es)) o certificado de discapacidade e o anexo I (Cláusula de protección de datos asociada ao Programa de bolsas Erasmus) debidamente cuberto e asinado. Estes documentos serán custodiados exclusivamente pola Universidade.

4. A UDC non proporcionará ningún dato persoal sensible das persoas candidatas ao Banco Santander S.A., nin a ningunha das súas subsidiarias. En calquera caso, a

UDC non proporcionará de ningunha maneira, ningún dato, indicio ou documento que lle poida permitir ao Banco Santander S.A. ou a calquera das súas subsidiarias a posibilidade de deducir/inferir ou identificar dalgunha forma que requisitos dos artigos 2 e 6 cumpre/n a/s persoa/s adxudicataria/s. Desta maneira, nin o Banco Santander S.A., nin ningunha das súas subsidiarias, poderán saber que bolseiros/as teñen unha axuda para estudantes en contornas desfavorecidas e/ou presentan unha discapacidade.

5. Coa súa participación nesta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente o citado tratamento de datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos fiquen xustificadas con algunha das outras bases de lexitimación recollidas no artigo 6 do RXPD.

6. Para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos, pode consultarse a [páxina web](#) da UDC. A política de privacidade de Banco Santander S.A. poderá consultarse na seguinte [ligazón](#).

#### **Disposición adicional primeira. Aceptación das bases**

Ao participar nesta convocatoria, as persoas candidatas aceptan as bases e a súa resolución, que será inapelable, con renuncia a calquera tipo de reclamación.

#### **Disposición adicional segunda. Interpretación e modificación das bases**

O Banco Santander resérvase o dereito de interpretar estas bases e de modificar calquera aspecto da convocatoria. En caso de se realizaren cambios, as persoas candidatas serán informadas a través da [páxina web](#) do Banco Santander.

#### **Disposición adicional terceira. Contacto coas persoas adxudicatarias**

Unha vez finalizado o Programa, o Banco Santander poderá organizar un evento para presentar os resultados. Para iso, poderá contactar coas persoas adxudicatarias a través de calquera medio, incluída a vía electrónica.

#### **Disposición adicional cuarta. Información**

Poderá obterse máis información sobre estas bases e a convocatoria na ORI da UDC:

Campus da Coruña

Tel: 881 01 19 59

[outgoing.rii@udc.gal](mailto:outgoing.rii@udc.gal)

Campus de Ferrol

Tel: 881 01 36 34

[riferrol@udc.gal](mailto:riferrol@udc.gal)

#### **Disposición final primeira. Recursos**

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá presentarse un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado competente do contencioso-administrativo, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá presentar, de maneira opcional, un recurso de reposición ante o/a reitor/a, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro,

do procedemento administrativo común das administracións públicas. Ambos os prazos comezarán a contarse desde o día seguinte á súa publicación no TEO.

### **Disposición final segunda. Eficacia**

Esta resolución despreparará a súa eficacia a partir do día seguinte da súa publicación no TEO de la UDC.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Títulos e Internacionalización



## ANEXO I. Cláusula de protección de datos asociada ao Programa de Bolsas Santander Erasmus / Non Erasmus

De conformidade co disposto no Regulamento xeral de protección de datos 679/2016, informámolo de que os seus datos persoais serán tratados pola Universidade da Coruña, con sede na Mestranza, 9, 15001 A Coruña, con NIF Q6550005J, e enderezo de contacto na Oficina de Relacións Internacionais, Casa do Estudantado, campus de Elviña, 15071 A Coruña, en calidade de responsable do tratamento coa finalidade de xestionar a súa candidatura ao Programa Bolsas Santander Erasmus / Non Erasmus (en diante o Programa) que se ofrece a persoas candidatas cun certo grao de discapacidade coa función de fomentar a formación e empregabilidade das persoas con discapacidade. É, por tanto, necesario que as persoas candidatas a algunhas das bolsas do Programa acrediten legalmente a súa discapacidade; de non ser así, non poderán ser beneficiarias delas. A base xurídica que habilita á Universidade para o tratamento deste tipo de datos de carácter sensible é o consentimento expreso da persoa candidata para o tratamento dos seus datos de saúde, sendo este consentimento obrigatorio para poder ser candidato a determinadas Bolsas do Programa. Os seus datos persoais de saúde non serán cedidos pola Universidade a terceiros salvo por obrigaón legal.

Adicionalmente, indicámoslle que os seus datos persoais se conservarán unicamente ata que se xestionen as candidaturas ao Programa e que, posteriormente, se conservarán bloqueados durante os prazos establecidos legalmente para atender as posibles responsabilidades nadas do seu tratamento.

Poderá exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade dos datos e limitación ou oposición ao seu tratamento a través do enderezo electrónico: [outgoing.rrii@udc.gal](mailto:outgoing.rrii@udc.gal).

En calquera caso, as persoas interesadas sempre poderán acudir ante a Axencia Española de Protección de Datos, autoridade de control en materia de protección de datos, <http://www.agpd.es>.

Consinto que a miña universidade trate os meus datos de discapacidade (considerados datos de saúde), coa finalidade de xestionar a convocatoria correspondente ao Programa de Bolsas Santander Erasmus / Non Erasmus.

A Coruña/Ferrol, ..... de ..... de 20.....

Nome e apelidos:

DNI:

Sinatura